

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



**Mulleres votando en Eibar o referendo polo Estatuto vasco-navarro o 5 de novembro de 1933.**

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
igualdade@uvigo.gal  
986 813 419



## CONTIDO

---

FORMACIÓN.....	5
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	5
CONVOCATORIAS .....	6
SUXESTIÓNS .....	7
RECURSOS.....	9
NOVAS DO DUVI.....	12
NOVAS.....	13
ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE .....	15
DATOS.....	19
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	20

# XUÑO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
22	27	28	29	30	31	1	2
23	3	4	5	6	7	8	9
24	10	11	12	13	14	15	16
25	17	18	19	20	21 <small>Día Internacional pola Educación Non Sexista</small>	22	23 <small>Día Internacional das Mulleres na Enxeñaría</small>
26	24	25	26	27	28 <small>Día Internacional do Orgullo LGTBQ+</small>	29	30

## AXENDA







**28 de maio. A universidade, espazo libre de violencias machistas?** Sesión formativa. Na Sala de Igualdade do Campus Remoto de 16:00 a 19:00 h. Inscripcións a través de Bubela.

**5 e 12 de xuño. Homes de coidado.** Un obradoiro de reflexión e deseño participativo sobre masculinidades coidadosas dirixido a todos os homes da comunidade universitaria. Dúas sesións de 10:00 a 12:00 h na Sala I do Edificio Miralles. Inscripcións [aquí](#).

**10 de xuño. E ti, sabes como actuar ante o acoso sexual e por razón de sexo?** Sesión formativa a través da Sala de Igualdade do Campus Remoto de 16:00 a 19:00 h. Inscripcións a través de Bubela.

**25 de xuño. Sesión formativa: A universidade, espazo libre de violencias machistas?** No Campus Remoto de 16:00 a 19:00 h. Inscripcións a través de Bubela.

Durante o mes de xuño: Programación do Orgullo Crítico LGTBI+ Vigo 2024, organizado por Nós Mesmas e Avante LGBT+

ORGULLO CRÍTICO LGTBI+ VIGO 2024			
01	<b>BRUNCHSTORMING</b> Brunch con mesas de xeración de ideas e decoración de tartas		11:00 C.S. A Desviada
02	<b>TEATRO METODOLOXÍAS CARROÑERAS PARA CORPOS INVERTIDOS</b> Actuación previa e servizo de conciliación para crianzas		20:00 Sala Ártika  <b>VACAburra.</b>
08	<b>THE ROCKY HORROR PICTURE SHOW</b> Proxección do filme con interacción do público		20:00 C.S. A Desviada
09	<b>UN DÍA EN FAMILIA</b> Xornada de convivencia para familias LB. Inscripción previa.		12:30 Monte Vixiador
09	<b>BINGO PARA SEÑORAS</b> Da Gala Drag King		19:00 Sala Kominsky
11	<b>CURTAS FESTIVAL LA PECCA</b> Proxección das curtas gañadoras		19:00 Museo MARCO
13	<b>CONTACONTOS</b> XE Musicalizado. A partir de 4 anos.		18:00 Biblioteca Neira Vilas
15	<b>PEDALADA E VERMÚ TRANSMARICABIBOLLERO</b> Percorrido en bici e vermú con actuación musical e DJ		11:30 Nós Mesmas
16	<b>XUNTANZA BIBOLLO</b> Conversatorio sáfico sobre vivencias comúns e alianzas		19:00 Nós Mesmas
19	<b>DOCUMENTAL "HOMOFOBIA DE ESTADO" E COLOQUIO</b> "A realidade migratoria LGTBIQ+" co activista Kris Adá		19:00 Multicines Norte 
22	<b>OBRADOIRO ANARQUÍA RELACIONAL</b> Repensando os vínculos alén dos mandatos do patriarcado		19:00 C.S. A Desviada
22	<b>FESTA DA DESVIADA HORTERA</b> Ven coa túa estética máis excéntrica!!		21:00 C.S. A Desviada
23	<b>SAN XOÁN TRANSMARICABIBOLLERA</b> Quedada na praia Santa Baia compartindo unha noite máxica		21:00 Alcabre
24	<b>FALADOIRO "A MIÑA MALETA"</b> Experiencias de vida de migrantes LGTBI+ refuxiados		19:00 A Morada
27	<b>EXPOSICIÓN DE PABLO CARREIRO</b> Presentación do novo cómic e ilustracións inéditas		20:00 C.S. A Desviada
28	<b>PASARRÚAS BATUKADA</b> Percorrido reivindicativo polo Orgullo		20:00 Casco Vello
28	<b>OBRADOIRO DE PANCARTAS</b> Achégate a crear a túa pancarta para a mani do Orgullo		18:00 C.S. A Desviada
29	<b>QUEDADA PREMANI</b> Ven prepararte connosco antes de saír a encher as rúas		17:30 Porta do sol
29	<b>MANIFESTACIÓN</b> Saída do cruce de Urzaiz con Gregorio Espino		20:00 Cruce Choróns
29	<b>FESTA DIVERSA</b> DJs, baile e diversión!!		17:30-19:30 e 21:30-01:00 Porta do Sol

---

## FORMACIÓN

---

Oferta formativa composta por dúas accións independentes que se ofrecen en datas diferentes durante o ano para facilitar a participación.

- **E ti, sabes como actuar fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo?**  
Datas: 10/06, 17/09, 08/10 e 05/11.
- **A universidade, espazo libre de violencias machistas?**  
Datas: 28/05, 25/06, 30/09, 21/10 e 18/11.

Dirixido a toda a comunidade universitaria da UVigo: PDI, PTXAS e estudiantado. Modalidade virtual síncrona a través do Campus Remoto. Inscrición habilitada progresivamente a través de Bubela, ata completar as 20 prazas dispoñibles para cada sesión.

O horario das sesións será sempre de 16:00 h a 19:00 h. Dentro deste programa, o martes 23/07 está programada unha sesión específica para persoas con postos de responsabilidade.

**Xornadas formativas contra a violencia vicaria en Vigo** [+Info](#)

**Mujeres y la historia, la historia de las mujeres.** Curso de verán da Universidade Pablo de Olavide. (ES) [+Info](#)

**Curso de verán San Lourenzo do Escorial sobre pornografía e violencia sexual.** (ES) [+Info](#)

**Seminarios online de Inluc2 Para Construír para a prevención do racismo, a xenofobia e os delitos de odio** (ES) [+Info](#)

**Repertorio de cursos para dominar ferramentas dixitais** (ES) [+Info](#)

---

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

**Congreso abolicionista estatal** (ES) [+Info](#)  
15 de xuño en Madrid.

**I Congreso Internacional «mulleres, tecnoloxía e poder»** (EN) [+Info](#)  
Do 17 ao 19 de xuño en Donostia.

**IV Congreso Mundial pola Abolição da Prostitución** [+Info](#)  
Do 1 ao 3 de xuño en Montreal (Canadá)

**European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa** [+Info](#)  
Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

**IV Congreso internacional CreadorAS na educación literaria e intercultural** (CICELI) [+Info](#) Do 11 ao 13 de xullo en Alacante.

## CONVOCATORIAS

Recadación de fondos para a organización do Orgullo Crítico 2024 na cidade de Vigo (GAL) [+Info](#)

Premio Doctora de Alcalá á excelencia investigadora para mulleres (ES) [+Info](#)

Premio Empar Pineda para o fomento da investigación sobre mulleres maiores lesbianas en España (ES) [+Info](#)

Premio Vangarda da ciencia 2024 para investigación publicadas por mulleres (ES) [+Info](#)

V Congreso Internacional do ICCA. Grupo de traballo GT. 4: Administracións públicas en clave de xénero (ES) [+Info](#)

*ex æquo*– Revista da Associação Portuguesa de Estudos sobre as Mulheres (APEM) [+Info](#)

Convocatoria de artigos en castelán, portugués, francés ou inglés.

Revista *Asparkía*. Homes, masculinidades e igualdade de xénero: investigacións interdisciplinares (ES) [+Info](#)

*iQual. Revista de Xénero e Igualdade* (ES) [+Info](#)

Ambigua: revista de Investigacións sobre Xénero e Estudos Culturais (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas de investigación para monográfico sobre a ensinanza de linguas e literaturas a través dunha perspectiva de Xénero



De esquerda a dereita, Isidra de Guzmán, coñecida como Doutora de Alcalá por ser a primeira muller que obtivo este título en España; a activista feminista Empar Pineda e a portada do último número da revista portuguesa *ex æquo*

## SUXESTIÓNS

Proximamente terán lugar as eleccións ao parlamento europeo. En España, a votación realizarase o día 9 de xuño, e serán elixidas 61 eurodeputadas e eurodeputados. Por iso, dedicamos este apartado de «Suxestións» para realizar un percorrido polos avances en materia de igualdade a nivel europeo da última lexislatura.

A **Estratexia para a Igualdade de Xénero** recolle as medidas e obxectivos necesarios entre 2020 e 2025 para poñer fin á violencia de xénero, combatir os estereotipos de xénero, acabar coas fendas laboral, salarial e de pensións, lograr a participación igualitaria en postos relacionados coa economía, a política e a toma de decisión e reducir a xenerización das responsabilidades asistenciais. [+Info](#)

### Violencia de xénero [+Info](#)

Segundo os datos da Axencia polos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (FRA), unha de cada tres mulleres sufriu algunha forma de violencia física ou sexual, e unha de cada dúas sufriu acoso. [+Info](#)

O 14 de maio de 2024 entrou en vigor a Directiva proposta en 2022. (Infografía) [+Info](#)

O Convenio do Consello Europeo sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra as Mulleres e Violencia Doméstica, ou **Conveniode Istambul** é o acordo de referencia para a lexislación internacional. [+Info](#)

### Igualdade Retributiva [+Info](#)

En canto á fenda salarial, as mulleres europeas gañan de media un 13 % menos que os homes, que se transforma nun 28 % no caso das pensións. Unha das primeiras propostas dentro da Estratexia foi relativa á transparencia

## PRIMEIRA NORMATIVA EUROPEA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



O mércores 24 de abril de 2024 foi aprobada a normativa europea contra a violencia de xénero. Esta iniciativa supón un **acordo pioneiro** e establece medidas comúns a desenvolver nos países da Unión Europea. A Directiva entrou en vigor o 14 de maio.

### QUE IMPLICA ESTA NORMATIVA?

Incluír a violencia de xénero na lista de eurodelitos establece **unha definición común** da violencia contra as mulleres e das sancións aplicables, tentando igualar o acceso aos dereitos e recoñecendo o carácter estrutural deste problema.



Na definición menciónase a interseccionalidade, pero non se recollen medidas concretas, como reforzar servizos ou mecanismos específicos para abordala.

### QUE MEDIDAS PROPÓN?

A nova lei incluír os seguintes delitos na UE:

- a mutilación xenital feminina
- o matrimonio forzado
- o exhibicionismo cibernético. Incluindo a difusión sen consentimento de contido sexual multimedia e o *deepfake* sexual, que consiste na xeración de contido sexual con IA no que se suplanta a identidade dalgunha persoa.

A falta de acordo impediu incluír a violación.

E establece medidas como:

- Facilitar o acceso da vítima á xustiza e proporcionar medidas de protección axeitadas.
- Dispoñer dunha liña telefónica gratuita as 24/7.
- Promover campañas de prevención.
- Prever disposicións diferenciadas se a vítima é menor ou adulta.

### PERCORRIDO

- A normativa entrará en vigor vinte días despois da súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea.
- Os países teñen un prazo de **3 anos** para aplicar as disposicións nos seus territorios.
- A Comisión ten encomendado realizar un informe de seguimento cada **5 anos** para determinar se estas normas deberían someterse a revisión.

salarial. A posición adoptada polo Consello Europeo en 2021 foi negociada ata a implantación o 24 de abril de 2023 da nova normativa sobre transparencia retributiva, que obriga ás persoas ou organismos empregadores a proporcionar acceso a datos sobre os salarios ás persoas traballadoras e demandantes e informar anualmente ás autoridades nacionais sobre a fenda de xénero na súa organización (en caso de empresas con máis de 250 persoas empregadas). Ademais, proporciona ferramentas xurídicas ás traballadoras vítimas de discriminación retributiva e contempla a discriminación interseccional. [+Info](#)

### Consellos de administración das empresas [+Info](#)

Segundo o EIGE, aínda que un 60 % das novas persoas tituladas na UE son mulleres, estas só compoñen un 31 % dos consellos de administración das empresas e un 8 % das direccións. O 17 de outubro de 2022, o Consello Europeo adoptou o texto definitivo sobre o equilibrio de xénero nos consellos de administración das empresas. A directiva establece que para o ano 2026 as empresas deberán contar cun 40 % de persoal administrativo non executivo do sexo infrarrepresentado. Coa aplicación nacional desta normativa, o obxectivo é acadar un 33 % de mulleres en todos os postos administrativos. [+Info](#)




### Estereotipos de xénero

O 8 de marzo de 2023, a Unión Europea puxo en marcha a campaña #EndGenderStereotypes co obxectivo de sensibilizar sobre a presenza de estereotipos de xénero na sociedade en ámbitos coma o mundo laboral e os coidados. [+Info](#)

### Organismos de Igualdade

Na actualidade, todos os estados integrantes da UE están obrigados a contar con organismos nacionais dedicados á erradicación da discriminación por motivo de sexo ou xénero. O 7 de decembro 2022 puxéronse en marcha dúas novas medidas para reforzar a actuación destas entidades, outorgándolles máis recursos, competencias e accesibilidade. [+Info](#)



Dentro da UE, o [Instituto Europeo da Igualdade de Xénero](#) (EIGE) é a axencia que fomenta a igualdade de xénero. Está composto por un consello de administración e un foro de persoas expertas que funciona como órgano consultivo do instituto. O **Informe Anual sobre Igualdade**

Imaxes da campaña #EndGenderStereotypes



de **Xénero** é unha medida regular dispoñible en liña que fai un balance da situación en materia de igualdade dos estados da UE e proporciona exemplos de boas prácticas. [+Info](#)

Paralelamente ás eleccións, activistas e organizacións de oito países (Eslovenia, Polonia, Finlandia, Irlanda, Croacia, Francia, España e Austria) lanzaron a campaña «[A miña voz, a miña decisión](#)» (*My voice, my choice*) que pretende garantir o aborto gratuíto e seguro nos países da UE. Esta iniciativa popular, que se iniciou o 24 de abril, quere reunir un millón de sinaturas antes do ía 5 de xuño. Pódese firmar utilizando o documento de identidade electrónico ou a través dun formulario en liña [aquí](#).



Algunhas das activistas promotoras desta iniciativa

É preciso recordar que o ordenamento xurídico sobre o aborto é moi diferente segundo o país. Desde Francia, que o blindou no mes de marzo na súa constitución tras os cambios en Estados Unidos, onde o Tribunal Supremo suprimíu o aborto como dereito no ano 2022 permitindo que os diferentes estados decidan se prohibilo ou non; ata Polonia e Malta, onde está moi restrinxido, Italia, onde resulta moi complicado ou mesmo España onde foi precisa unha reforma no ano 2023 para garantir a IVE en centros sanitarios públicos, eliminar a esixencia de autorización paterna para as menores de 16 e 17 anos e regular a obxección de conciencia.

## RECURSOS

**Guía de conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo (GA) [+Info](#)**

Esta guía informativa recompila os dereitos e as posibilidades das que dispón o persoal da Universidade de Vigo para conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral. A guía ten un carácter orientativo e deberá consultarse cos servizos que corresponde en cada situación, segundo as circunstancias e a lexislación que aplique.

*Unha revolución de inclusión astronómica. Avances en diversidade, equidade e inclusión na Astronomía e a Astrofísica profesionais.* (EN) [+Info](#)

Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTifóbicas nos espazos de ocio nocturno. (ES) [+Info](#)

Informe sobre prostitución en España enviado ás Nacións Unidas. (ES) [+Info](#)

As leis estatais anti-DEI (diversidade, equidade e inclusión) sementan incertidume nas escolas e universidades públicas. (EN) [+Info](#)

Informe sobre prostitución en España. (ES) [+Info](#)

Revisitando aliados masculinos en Matemáticas e Física ao longo da historia: referentes para os homes na educación STEM. (EN) [+Info](#)

Recoñecer, actuar e restaurar: Manual básico para afrontar as violencias machistas. (GAL) [+Info](#)

Investigación: cando as persoas empregadas se identifican coa súa empresa é menos probables que detecten a discriminación de xénero. (EN) [+Info](#)

Presupostos con enfoque de xénero. Unha folla de ruta para a súa implementación desde as experiencias de América Latina. (ES) [+Info](#)

*Culpables ata que se demostre o contrario* Percepcións e recursos de adolescentes españois sobre masculinidades e violencia de xénero. (ES) [+Info](#)

Tara for women. Arte e cultura. Apoio a mulleres artistas. (ES) [+Info](#)

*Nobel run stories.* Libreto de científicas. (ES) [+Info](#)

*O mapa do deserto* A atención sanitaria á Saúde Mental Perinatal en España. (ES) [+Info](#)

Revista *IgUALdad* núm. 24. (ES) [+Info](#)

Pílulas de vídeo #Mujeresencifras. (ES) [+Info](#)

Xénero e feminismo na Green European Foundation. (EN) [+Info](#)

Audiolibros para comezar a entender o feminismo. (ES) [+Info](#)

As que contan a ciencia: Nós e os nosos corpos (ES) [+Info](#)

Novo estudo: Impacto da pornografía na violencia sexual. (ES) [+Info](#)

*Desconecta de tu pareja.* Guía para previr ou mitigar posibles Violencias Machistas Dixitais. (ES) [+Info](#)

Recollida de sinaturas polo dereito ao aborto. (EN) [+Info](#)

Podes petar nas portas e ventás da universidade, pero a ninguén lle vai importar: como as universidades o silencio en rede ao redor da violencia con motivo de xénero. (EN) [+Info](#)

Podcast *Feminist Futures* de CCINDLE. (EN) [+Info](#)

Os dereitos das temporeiras de Huelva centran a nova campaña do Instituto das Mulleres. (ES) [+Info](#)

Inclúe a actualización da *Guía de Recursos para la atención y asesoramiento a las trabajadoras migrantes en el contexto de la fresa y otros frutos rojos de Huelva* e outros materiais como infografías e vídeos.

Plataforma por un emprego de fogar e coidados con plenos dereitos de Madrid. (ES) [+Info](#)

Novidades en materia de igualdade laboral. (ES) [+Info](#)

As IA xeradoras de imaxes adoitan ter resultados racistas e sexistas: pódense arranxar? (ES) [+Info](#)

Desafiando prexuízos sistémicos: unha investigación sobre o nesgo contra as mulleres e nenas en grandes modelos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Protocolo común de actuación sanitaria fronte á violencia na infancia e a adolescencia (2023) (ES) [+Info](#)

Muller e universidade: Que factores inflúen na elección dos seus estudos? (ES) [+Info](#)

Os efectos da IA na vida laboral das mulleres. (ES) [+Info](#)

Unha avaliación mundial sobre a protección das mulleres e as nenas fronte ao ciberacoso. (ES) [+Info](#)

Cómics feministas do 2023 (ES) [+Info](#)

- *Patos*, Kate Beaton (Norma). [+Info](#)

- *Roaming*, Killian Tamaki e Mariko Tamaki (La Cúpula). [+Info](#)

- *La espera*, Keum Suk Gendry-Kim (Reservoir Books). [+Info](#)

- *La maldición de la sal*, Hope Larson e Rebecca Mock (Roca Editorial). [+Info](#)

- *Mujer vida libertad*, antoloxía coordinada por Marjane Satrapi (Reservoir Books). [+Info](#)

- *Alison*, Lizzi Steward (Errata Naturae). [+Info](#)

Presentación do Estudo de Xénero en Empredemento de I+D+I. (ES) [+Info](#)

A elección de carreira e o seu impacto nas fendas de xénero no mercado laboral. (EN) [+Info](#)

*iQual. Revista de Xénero e Igualdade Num. 7.* (ES) [+Info](#)

Vídeo da xornada «O impacto da IA no emprego e a fenda retributiva entre mulleres e homes». (ES) [+Info](#)

SomosLasFP- Documentación sobre as mulleres en estudos STEAM. (ES) [+Info](#)

Mulleres en streaming (ES) [+Info](#)

O impacto da violencia de xénero en España: unha valoración dos seus costes en 2016. (ES) [+Info](#)

As imaxes en liña amplifican o nesgo de xénero. (ES) [+Info](#)

*Las rapadas*, María Rosón. Libro completo. (ES) [+Info](#)

15 principios para unha divulgación científica inclusiva. (ES) [+Info](#)

## NOVAS DO DUVI



O proxecto Mulleres á fronte dende o sur global inspírase na experiencia do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka.



Pilar Vila, Ana F. Vilas, Edita de Lorenzo, Eduvigis Ortiz e Elena Rodríguez Lois no ciclo Conectando en Igualdade: a transformación do futuro tecnolóxico

Unha nova edición do Aldaba TIC Camp fomentará, con perspectiva de xénero, as vocacións STEM entre a rapazada. [+Info](#)

atlantTTic reivindica o papel das enxeñeiras no sector da ciberseguridade. [+Info](#)

As universidades españolas reafirman en Vigo o seu compromiso coa diversidade cultural, sexual e de xénero. [+Info](#)

En marcha a elaboración da primeira cartografía galega de mulleres migrantes relacionadas coa música e outras artes escénicas. [+Info](#)

Unha exposición bibliográfica pon en valor as mulleres escritoras do século XIX. [+Info](#)

Sete exemplos inspiradores de mulleres emprendedoras. [+Info](#)

Traballo social afonda no enfoque feminista dos coidados e a discapacidade. [+Info](#)

## NOVAS

---

Fanny Mendelssohn, a melodía de muller que nunca soou. (ES) [+Info](#)

RTVE participa na elaboración dunha *Guía para informar sobre mulleres políticas*. (ES) [+Info](#)

Un selo recorda a primeira futbolista española, Ana Carmona. (ES) [+Info](#)

«Non son peor científica porque son africana e son muller»: investigadoras reclaman en Madrid máis oportunidades e visibilidade. (ES) [+Info](#)

Como funciona o permiso de lactación: non se amplía a 28 días pero universalízase a acumulación. (ES) [+Info](#)

Unha enquisa da UA revela que o 50% das mulleres espera a ter síntomas graves de saúde para ir ao médico. (ES) [+Info](#)

As vítimas de violencia de xénero ou sexual poderán pedir o subsidio de paro durante 30 meses. (ES) [+Info](#)

As adolescentes pasan ata seis horas co móbil, segundo un estudo. (ES) [+Info](#)

A menopausia multiplica o risco cardiovascular e de deterioro cognitivo nas mulleres. (ES) [+Info](#)

Unha conferencia aborda o enfoque feminista dos coidados e a discapacidade. (ES) [+Info](#)

Os alumnos senior da UVigo homenaxean a Luísa Villalta. (ES) [+Info](#)

A curva ascendente da sextorsión en España: de 1.691 denuncias en 2018 a 4.460 en 2023. (ES) [+Info](#)

O número de mulleres vítimas de violencia de xénero aumentou un 12,1 % no ano 2023, ata 36 582. (ES) [+Info](#)

«A miña voz, a miña decisión»: Así se organizaron feministas de once países para blindar o aborto na UE. (ES) [+Info](#)

O que de verdade rompe o corazón ás mulleres. (ES) [+Info](#)

Dezaseis mulleres acusan ao mago David Copperfield de «condutas sexuais e comportamentos inapropiados». (ES) [+Info](#)

Por que as mulleres sofren máis enfermidades autoinmunes. (ES) [+Info](#)

«Matáronas por lesbianas». O asasinato de tres mulleres queimadas vivas conmociona a Arxentina. (ES) [+Info](#)

Morre aos 92 anos a poeta, activista e revolucionaria Luz Fandiño. (GAL) [+Info](#)

As avoas e os avós á cabeza da rede de apoio para poder coidar os fillos. (ES) [+Info](#)

Control telemático aos agresores machistas: os dispositivos aumentan un 30% nun ano. (ES) [+Info](#)

O Constitucional de España avala a lei que penaliza o acoso ás mulleres que abortan. (ES) [+Info](#)

Eleccións europeas: Unha enquisa sinala que as mulleres novas se sitúan á esquerda moito máis que os homes, pero votan menos. (ES) [+Info](#)

As autoras mandan nos Follas Novas ao vencer en 10 seccións. (ES) [+Info](#)

Que é a Unidade Contra as Violencias no Sector Audiovisual e Cultural que arrancará en setembro. (ES) [+Info](#)

A vida con endometriose: «É como se che arrincasen as entrañas e chegan a dicirte que a dor está na túa cabeza». (ES) [+Info](#)

Inés Pineda-Torra, bioquímica: «Se a muller é o apoio emocional da casa, fará a cea antes de ir ao médico». (ES) [+Info](#)

O «Davos das mulleres» chega a España. (ES) [+Info](#)

As vítimas de violencia machista poderán acceder a unha axuda por desemprego sen necesidade de ter cotizado. (ES) [+Info](#)

As mulleres perden peso en postos directivos por terceiro ano consecutivo e xa son só o 15,6 %. (ES) [+Info](#)

Onlyfans, o imperio da nova pornografía e prostitución con 240 millóns de usuarios. (ES) [+Info](#)

«O home proxecto»: a defensa dunha masculinidade conservadora inunda os podcasts. (ES) [+Info](#)

Só un 15,6% dos postos directivos están ocupados por mulleres. (ES) [+Info](#)

Onlyfans ou como «blanquear» un «imperio da pornografía e a prostitución». (ES) [+Info](#)

Emma Trinidad presenta Woman Art House: A casa e as artistas. (ES) [+Info](#)

«Non quero casar, teño que ir á escola!». O drama das nenas afganas vendidas para alimentar as súas familias. (ES) [+Info](#)

Por unha sanidade pública que se preocupe pola lactancia materna. (ES) [+Info](#)

A fábrica para elevar as mulleres novas aos postos onde se toman as decisións. (ES) [+Info](#)

Como o xénero moldea a saúde: elas viven máis anos, pero en peor estado. (ES) [+Info](#)

As vestais, nin independentes nin libres. (ES) [+Info](#)

Detida polos talibáns en Afganistán: «Vendáronme os ollos, atáronme as mans e antes do interrogatorio botáronme enriba auga fría». (ES) [+Info](#)

A seguridade social tramitou 119.575 baixas por nacemento no primeiro trimestre, 140 máis que en 2023. (ES) [+Info](#)

Unha brillante xeración de mulleres españolas novas está gravando pop de altura. (ES) [+Info](#)

Científicas africanas que se conxuran contra a lepra. (ES) [+Info](#)

A primeira lei europea contra a violencia machista, aprobada pola Eurocámara. (ES) [+Info](#)

## ESTUDOS DE XÉNERO E IGUALDADE

---

Con motivo da apertura dos prazos de matrícula para o próximo curso incluímos un apartado con información dos graos, mestrados e estudos de doutoramento sobre Estudos de Xénero das universidades españolas. Agardamos que sexa unha información de interese.

### ANDALUCÍA

#### Mestrados:

- **Máster en Ciencias de la Sexología.** Universidad de Almería. Rama: CC da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. [+Info](#)

- 
- **Máster Interuniversitario en Estudios de Género, Identidad y Ciudadanía.** Universidad de Cádiz. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
  - **Máster Universitario Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género.** Universidad de Granada. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial. (Prazo pechado) [+Info](#)
  - **Máster Universitario en Análise Crítico das Desigualdades de Xénero e Intervención Integral en Violencia de Xénero.** Universidad de Jaén. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
  - **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad Pablo de Olavide. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade semipresencial [+Info](#)
  - **Máster Universitario en Igualdad y Género.** Universidad de Málaga. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
  - **Máster Universitario en Estudios de Género y Desarrollo Profesional.** Universidad de Sevilla. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

## ARAGÓN

### Mestrados:

- **Mestrado Universitario en Relacións de Género.** Universidad de Zaragoza. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano [+Info](#)

### Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Relaciones de Género y Estudios Feministas.** Universidad de Zaragoza. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas [+Info](#)

## PRINCIPADO DE ASTURIAS

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Máster Erasmus Mundus en Estudios de las Mujeres y de Género.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

### Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Género y Diversidad.** Universidad de Oviedo. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)



## ILLES BALEARS

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Políticas de Igualdad y Prevención de la Violencia de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

### Programas de doutoramento:

- **Programa de Doctorado en Estudios Interdisciplinares de Género.** Universitat de les Illes Balears. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos [+Info](#)

## ISLAS CANARIAS

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de la Laguna. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

## CASTILLA Y LEÓN

### Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios Interdisciplinares de Género.** Universidad de Salamanca. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios Feministas e Intervención para la Igualdad.** Universidad de Valladolid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

### Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado en Estudios Interdisciplinares de Género y Políticas de Igualdad.** Universidad de Salamanca. Rama: CC Sociais y Jurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

## CATALUÑA

### Estudios de grao:

- **Grado en Estudios Socioculturales de Género.** Universitat Autònoma de Barcelona. Rama: Artes e Humanidades. Duración: 4 anos. Modalidade: presencial [+Info](#)

### Mestrados:

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster Interuniversitario en Estudios de la Mujer, Género y Ciudadanía.** Universitat de Barcelona, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat de Girona, Universitat de Vic, Universitat Rovira i Virgili, Universitat Pompeu Fabra, Universitat Politècnica de Catalunya, Universitat de Lleida. Rama: CC Soc. e Xcas Duración: 1 ano. Modalidade: en liña e presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios de Género y Gestión de Políticas de Igualdad.** Universitat de Lleida. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster en Violencia Sexual.** Universidad Ramón Llull. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 2 anos. Modalidade: virtual. [+Info](#)

#### Programas de doutoramento:

- **Programa de doctorado interuniversitario en Estudios de Género: Culturas, Sociedades y Políticas.** Universitat de Barcelona. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

## COMUNITAT VALENCIANA

#### Mestrados:

- **Máster Universitario en Derecho y Violencia de Género.** Universitat de València. Rama: CC Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Género y Políticas de Igualdad.** Universitat de València. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración 1 ano. Modalidade: presencial e en liña [+Info](#)

#### Títulos propios:

- **Título de especialista universitario en masculinidades, género e igualdad.** Universidad Miguel Hernández. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

## GALICIA

#### Mestrados:

- **Mestrado Universitario en Igualdade, Xénero e Educación.** Universidade de Santiago de Compostela. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

## COMUNIDADE DE MADRID

#### Mestrados:

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** UNED. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: virtual [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster Universitario en Estudios LGBTIQ+.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

- **Máster en Estudios Interdisciplinarios de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: CC Soc. e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)

**Programas de doutoramento:**

- **Programa de doctorado en Estudos Feministas y de Género.** Universidad Complutense de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)
- **Programa de doctorado en Estudos Interdisciplinares de Género.** Universidad Rey Juan Carlos. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)
- **Programa de doctorado en Estudos Interdisciplinares de Género.** Universidad Autónoma de Madrid. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 3 ou 5 anos. [+Info](#)

**REXIÓN DE MURCIA****Mestrados:**

- **Máster Universitario en Género e Igualdad.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Salud, Mujer y Cuidados.** Universidad de Murcia. Rama: Ciencias da Saúde. Duración: 1 ano. Modalidade: semipresencial [+Info](#)
- **Máster Universitario en Intervención Interdisciplinar en Violencia de Género.** Universidad Internacional de Valencia. Rama: CC Sociais e Xcas. Duración: 1 ano. Modalidade: en liña [+Info](#)

**PAÍS VASCO****Mestrados:**

- **Mestrado Universitario en Intervención en Violencia Contra las Mujeres.** Universidad de Deusto. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial [+Info](#)
- **Mestrado Universitario en Estudos Feministas y de Género.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Duración: 1 ano. Modalidade: presencial e mixta [+Info](#)

**Títulos propios:**

- **Especialización universitaria en Género, Masculinidades y Acción Social.** Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea. Rama: Ciencias Sociais e Xurídicas. Modalidade: en liña [+Info](#)

**DATOS**

**Informe Global de Fenda de Xénero 2023** [+Info](#)

**Observatorio de Igualdade da UVigo 2023** [+Info](#)

**Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España** [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2023** [+Info](#)**Boletín Estadístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero** [+Info](#)**Observatorio Igualdade Emprego** [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero** [+Info](#)**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) [+Info](#)**Mapeo do teito de cristal das rexións europeas** [+Info](#)**Institucións sociais e índice de xénero** (EN) [+Info](#)**FERRAMENTAS DE IGUALDADE**

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** [+Info](#)Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades) [Cita previa](#)**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX** (ES) [+Info](#)**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** [Ano 2024](#)

**Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** [+Info](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)